

Referencia:	2022/5995W
Procedemento::	Expedientes de ejecución, liquidación o resolución de incidencias de programas de cooperación medioambiental
Interesado:	SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE ,S.A.
Representante:	
SERVIZO DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE (4538)	

**Convenio de cooperación entre Sogama e a Deputación Provincial de Ourense para finalizar a “II Campaña provincial de compostaxe doméstica na provincia de Ourense”**

Comparecen na sede electrónica, na data e hora da sinatura,

Dunha banda, **Don José Manuel Baltar Blanco**, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Ourense, de conformidade co disposto no artigo 34 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o 29 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Doutra banda, **Don Javier Domínguez Lino**, na súa condición de Presidente de Sogama, con CIF núm. A15379803, actuando en representación da sociedade mercantil pública segundo o acordo do Consello de Administración de 15 de febreiro do 2015.

Da fe do acto **Don Juan Marquina Fuentes**, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense.

Os comparecentes actúan en representación das respectivas entidades que presiden, con plenas facultades para o outorgamento do presente acto e na súa virtude

## EXPOÑEN:

1. Que SOGAMA é unha Sociedade Mercantil, pertencente ao sector público galego creada polo Decreto 111/1992, de 11 de abril, como unha Sociedade Pública autonómica dependente da Consellería competente en materia de residuos, cuxas competencias son a xestión de residuos urbanos a partir do momento en que son depositados nas súas instalacións, incluíndo o transporte, tratamento e valorización dos mesmos.
2. Que a Deputación Provincial de Ourense, en virtude da normativa de aplicación referente ao Réxime Local, ten competencias de auxilio e apoio as entidades locais da provincia, e no que atinxe a estas últimas, teñen a obriga de garantir aos veciños a correcta xestión dos residuos urbanos.
3. Como continuación aos convenios asinados por ambas as dúas partes en anos anteriores co obxectivo de promover, instaurar e reforzar a compostaxe doméstica nos concellos da provincia de Ourense con poboación non superior a 20.000 habitantes (todos menos Ourense capital), a finais de 2019 decidiuse pór en marcha a “II Campaña provincial de compostaxe doméstica”. No transcurso dos dous primeiros meses do 2020, comezouse a tramitar a contratación das partes esenciais da campaña, isto é, a subministración de composteiros, as tarefas propias de publicidade e difusión, así como a formación dos participantes e seguimento da iniciativa.

Con motivo do impacto da COVID-19, a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou este virus como “pandemia” en toda Europa, sendo declarado o “Estado de Alarma” en España con data 11 de marzo de 2020. No marco do mesmo, procedeuse á suspensión de todo tipo de acción educativa ou formativa, circunstancia que

derivou na desestimación do contrato de formación e seguimento da campaña, así como a rescisión do contrato de publicidade.

Neste escenario, tomouse a decisión conxunta de destinar a totalidade dos fondos do convenio 2019-2020 (60.000€) á compra de composteiros, de tal xeito, que no ano 2021, se desenvolverían as actividades pendentes, isto é, a publicidade, a formación e o seguimento.

Pero finalmente, na anualidade do 2021, solo se levou a cabo a publicidade en medios de comunicación da campaña de compostaxe, xa que no transcurso deste ano, sucedéronse novas variantes do dito virus, caracterizadas pola súa rápida velocidade de contaxio. Neste escenario, e por motivos sanitarios, decidiuse pospoñer o comezo da fase de formación e seguimento, ata que a situación sanitaria fose máis favorable. É preciso recordar, que esta etapa execútase con visitas presenciais aos diferentes fogares da provincia, sendo imposible a formación telemática. A razón é que estamos a traballar en zonas rurais moi envellecidas, onde unha boa parte da poboación non dispón dos medios dixitais necesarios e tampouco está habituada ao uso das novas tecnoloxías.

Así, polos motivos expostos, os comparecentes acordan a subscrición dun novo Convenio anual de cooperación entre Sogama e a Deputación Provincial de Ourense para completar e finalizar a realización da “II Campaña provincial de compostaxe doméstica”, na provincia de Ourense, e conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

Constitúe o obxecto deste convenio regular as condicións de financiamento para completar a realización da “II Campaña provincial de compostaxe doméstica” e, polo tanto, levar a cabo as actividades que quedaron pendentes de executar por mor da COVID-19: a formación dos participantes e o seguimento da iniciativa.

A campaña está aberta a calquera concello da provincia de Ourense interesado en participar, dando prioridade a aqueles que non realizaran campañas anteriores con calquera administración, e sempre e cando contén unha poboación inferior aos 20.000 habitantes. Deste xeito, a campaña estará dirixida a 91 concellos dos 92 que ten a provincia, xa que o único que supera en poboación os 20.000 habitantes é a capitalidade.

### **Segunda.- Dereitos e obrigas das entidades asinantes do convenio**

1ª.) O importe que se destinará para finalizar a “II Campaña de compostaxe provincial doméstica na provincia de Ourense”, a través da sinatura deste convenio, será de 31.277,29 € (IVE incluído) a sufragar no 50% por ambas partes- Deputación e Sogama- de tal xeito que suporá o aporte de 15.638,65 € por cada entidade.

2ª.) Esta campaña poderá materializarse, ou ben polos medios propios das entidades que asinan este convenio, ou ben a través de calquera fórmula de xestión indirecta. A Deputación encargárase do control e supervisión do correcto desenvolvemento da mesma.

3ª.) Sogama deberá aboar, na conta da Deputación Provincial, a cantidade correspondente ao 50% do convenio, é dicir, 15.638,65 €, xa que esta administración, a

través do Servizo de Augas e Medio Ambiente, será quen se encargue de contratar e certificar o correcto desenvolvemento do labores de formación e seguimento, enmarcados na “II Campaña de compostaxe provincial doméstica na provincia de Ourense” e, por conseguinte, de efectuar os pagos á empresa que execute estas tarefas, tal e como fixo nos anos anteriores.

A xustificación dos traballos realizarase mediante comprobación por parte de persoal funcionario. De tratarse de servizos prestados, será necesaria a presentación dun informe final no que se recolla un resumo das tarefas realizadas en cada caso.

Sogama abonará a súa aportación trala entrega do informe final, no que se incluírá unha breve descrición dos labores executados, así coma dos gastos realizados.

4ª.) A Deputación asume integramente as tarefas que se desprendan da xestión e coordinación do desenvolvemento da “II Campaña provincial de compostaxe doméstica na provincia de Ourense”, que son as seguintes:

- Certificación de entrega dos composteiros xa adquiridos aos participantes.
- Dirección, supervisión e control de todos os traballos vinculados á formación e ao seguimento da campaña.
- Aprobación dos contidos das xornadas de formación, de informes e de calquera publicación ou comunicado que se derive desta campaña.
- Control do cumprimento das tarefas encomendadas á empresa contratada para os traballos de formación e seguimento.

En todas as actividades de formación da campaña, farase referencia expresa á colaboración de Sogama.

### **Terceira.- Estrutura da “ II Campaña provincial de compostaxe doméstica”**

A continuación da “II Campaña de compostaxe provincial doméstica na provincia de Ourense” concíbese con carácter provincial, requirindo dunha nova planificación e organización dos traballos que a conformen.

Así, tras a reformulación da mesma, queda pendente de realizar, para a anualidade 2022, a formación e o seguimento, conforme ás seguintes fases:

#### 1ª fase- Divulgación, captación e selección dos participantes:

Nesta fase promoverase a participación dos veciños e o sistema de selección rexerese pola orde de aceptación de solicitude. No caso de que o número de candidatos supere o número máximo de composteiros dispoñibles, empregarase un criterio de prioridade no que prevalecerán as candidaturas daqueles veciños que non tiveran participado con anterioridade en campañas de compostaxe promovidas por Sogama, a Deputación ou o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto demográfico.

Os veciños que desexen formar parte desta iniciativa, deberán asumir tamén uns condicionantes de obrigado cumprimento: ter a súa primeira residencia no termo municipal do concello participante, asistir á xornada de formación, dispor dunha superficie mínima de horta ou zonas verdes, etc.

Xunto co composteiro, que reúne as características técnicas necesarias para obter un compós de calidade, entregarase aos usuarios manuais didácticos de apoio, seguindo o modelo do elaborado por Sogama, e editarase o material de comunicación necesario para desenvolver os labores de divulgación.

2ª fase- Programa de formación:

Asemade, xunto coa entrega do material, facilitarase unha formación na que transmitiranse os coñecementos básicos para que os participantes poidan obter un compós de calidade nos seus fogares de maneira autónoma.

3ª fase- Programa de seguimento

Esta, consistirá na realización dunha visita a cada unha das vivendas que dispoñan de composteiro co fin de comprobar a correcta aplicación da técnica de autocompostaxe e axudar a corrixir desviacións e erros, resolver dúbidas e tomar nota de calquera tipo de suxestión que faga o usuario. Todo isto quedará recollido nos informes que se xeren a partir das devanditas visitas.

**Cuarta.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor, para ambas as dúas entidades, na mesma data de sinatura do mesmo, tendo unha duración máxima prevista de 1 ano.

De acordo co recollido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderase modificar o contido deste convenio mediante a sinatura das addendas que sexan precisas.

**Quinta.-Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control.**

Constitúese unha comisión de seguimento, vixilancia e control, coas funcións xenéricas que a súa denominación indica, integrada por un representante da Deputación Provincial de Ourense e un representante de Sogama, designados polo órgano competente de cada entidade.

As funcións de presidencia da comisión corresponderanlle ao representante da Deputación, mentres que a secretaría da comisión recaerá na Asesora xurídica da Deputación, con voz e sen voto.

O funcionamento desta comisión axustarase ao disposto para os órganos colexiados establecidos na Sección 3 do Capítulo II da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

1. Estudar e propoñer as modificacións ou adicións ao presente convenio que se estimen oportunas
2. Interpretar, con carácter executivo, o presente convenio, así como resolver do mesmo xeito as posibles discrepancias que xurdan na súa aplicación, sen prexuízo da posibilidade de que as partes presenten os correspondentes recursos impugnando os actos que dite a comisión no exercicio desta función
3. Informar preceptivamente os supostos de resolución e liquidación do presente convenio.

#### **Sexta.- Causas de resolución do convenio**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:
  - a. Polas causas establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
  - b. Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses.
  - c. Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Nestes supostos a entidade interesada en resolve-lo convenio porá en coñecemento da comisión de seguimento, vixilancia e control a existencia de dita causa

de resolución e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convoca-la, e deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda, contra o que caberá o exercicio das accións legalmente previstas no ordenamento xurídico.

2. Unha vez resolto o convenio, entrará en fase de liquidación que formulará a comisión de seguimento, vixilancia e control, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso. O acordo de liquidación será susceptible de revisión de conformidade coa lexislación vixente.

O pago das obrigas derivadas da devandita liquidación poderá reclamárselle a entidade que se considere responsable e deberá ser aboada nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público. Contra o rexeitamento expreso ou tácito poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

#### **Sétima.- Relación Laboral**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e Sogama, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

**Oitava.- Publicidade**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

**Novena.- Natureza e réxime xurídico**

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

E, en proba de conformidade, asinan o presente documento na data e hora da sinatura electrónica.

O presidente da Deputación Provincial,

O presidente de Sogama,

Dou fe,

O secretario da Deputación Provincial,